




| | | |
|---|----------------------------|--|
| Área / Unidada ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS | Documento 1051AI05GJ | |
| Código de verificación  6V2N 0Y5E 4G1L 4A58 0XNU | Expediente 105/2026/327 | |
| | Fecha 12-02-2026 | |

RESOLUCIÓN: APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PARA O PAGAMENTO DE COMEDORES ESCOLARES NO CURSO 2026/2027

O Concello da Coruña, en aplicación do que establecen o artigo 25 da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, promove actividades co fin de contribuír a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, as devanditas competencias exércense nos termos da lexislación estatal e autonómica en materia de servizos sociais, e en particular a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A concesión de axudas económicas constitúe un instrumento básico e indispensable para a consecución dos obxectivos que fixa a política social e económica do Concello da Coruña. Neste senso, e co fin de reforzar o apoio ás familias que teñen dificultades para atender ás persoas que teñen ó seu cargo, aproba con carácter anual unha convocatoria para a concesión de axudas para o pagamento do comedor escolar de escolares dos centros educativos situados no termo municipal.

O marco xurídico destas axudas ven determinado actualmente, en primeiro lugar, pola Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións do Concello da Coruña e os seus organismos públicos, aprobada polo pleno do Concello da Coruña e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 16/08/2024 (BOP núm. 157) . Esta norma regulamentaria ademais recolle no seu artigo 2 que, sobre as subvencións que se outorguen polo Concello da Coruña, aplicárase tamén a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 887/2006, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e en materia económico-financeira, as bases de execución dos orzamentos xerais do Concello da Coruña.

En concreto, considérase aplicable á concesión das axudas para o pagamento de comedores escolares o disposto na disposición adicional oitava da devandita ordenanza, en tanto que establece un réxime de bolsas no eido, deportivo, cultural , científico ou de calquera ámbito de competencia municipal no que se establece que as convocatorias para o outorgamento de bolsas previa solicitude da persoa beneficiaria, rexeráse polo disposto na presente ordenanza e lexislación estatal e de Galicia en materia de subvencións, agás naqueles aspectos nos que pola especial natureza destas subvencións, non resulte aplicable.

A Concellería delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade ven de elaborar unha nova convocatoria de axudas para o pagamento de comedores escolares no curso escolar 2026/2027 para alumnado empadroadado no concello da Coruña que asista de xeito presencial ao comedor escolar nun centro situado no termo municipal.



A contía individual que pode ser obxecto de concesión cubrirá a totalidade do custo do servizo en centros públicos de educación infantil e primaria, nos institutos de ensinanza secundaria e nos centros de formación, así como nos centros de educación especial sostidos total ou parcialmente con fondos público. No caso dos centros privados e/ou concertados, a contía a conceder será como regra xeral de 80,00 €/mes, salvo nos casos de menores tutelados por unha institución pública, en réxime de acollemento familiar, menores cuxos proxenitores se atopen nun programa de inclusión social ou transición á vida autónoma da rede municipal de acollida, ou previa proposta técnica dos servizos municipais, nos que o importe se poderá incrementar ata os 98,00 €/mes.

A concesión de axudas realizarase en dúas modalidades:

- En primeiro lugar, concederase automaticamente a bolsa comedor as persoas solicitantes que acrediten estar tutelados por unha institución pública, nunha situación de acollemento familiar ou no caso de que formen parte dun programa de inclusión e transición á vida autónoma da rede municipal de acollida
- Por outra banda, o resto das solicitudes serán concedidas ou denegadas atendendo ao réxime de concorrencia competitiva entre as persoas que cumpran os requisitos do apartado 6 da convocatoria coas seguintes regras:
 - A. Quedarán denegadas todas as solicitudes que non alcancen unha puntuación de 10 puntos segundo os criterios previstos no apartado 9 da convocatoria.
 - B. Coas solicitudes que obteñan unha valoración igual ou superior a 10 puntos establecerase unha prelación de solicitudes mediante aplicación dos criterios contidos no apartado 9 da convocatoria:
 - 1º.- A situación económica da unidade familiar, para o que se atenderá a renda per cápita da unidade familiar, que se calculará atendendo ós ingresos declarados polos membros da unidade familiar do ano 2023, por ser este o último exercicio consultable.
 - 2º.- Outras circunstancias da unidade familiar distintas da situación económica referidas á situación socio-familiar ou laboral como a incompatibilidade horaria das persoas proxenitoras, a monoparentalidade, a condición de familia numerosa ou a discapacidade, ben da persoa solicitante ou dalgunha das persoas proxenitoras que ostenten a custodia do menor.
 - C. En caso de empate, aplicaránse os criterios previstos no apartado 9.11 da convocatoria, realizándose un sorteo en caso de que da aplicación sucesiva dos criterios previstos, o crédito dispoñible non sexa suficiente para conceder todas as solicitudes que teñan unha idéntica situación e valoración.

O crédito total destinado a esta convocatoria é de 2.600.000,00€, que se imputará a aplicación orzamentaria 51.231.22723. Deste importe, 806.000,00€ imputaranse ao exercicio 2026 e 1.794.000,00€, correspondentes aos meses de decembro do 2026 e seguintes, imputaranse ao orzamento do exercicio 2027. A concesión efectiva da bolsa para os meses de decembro do 2026 e os seguintes do ano 2027, quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal do ano 2027.

Respecto ao contida da convocatoria neste próximo curso escolar, non se recollen grandes cambios respecto do seu contido para o curso escolar 2026/2027, pero si se introduciron melloras destinadas a simplificar a documentación e a facilitar a descarga automática masiva de consultas para os expedientes nos que conste a autorización dos interesados para a realización da mesma. Ademais, reforzouse o papel dos equipos de atención social nas tarefas de apoio ás familias que, polas súas características, precisen dun apoio ou asesoramento continuo, dende a solicitude da axuda e ata a resolución final da convocatoria.



Concello da Coruña

O prazo para a presentación de solicitudes abrirase o día 23 de febreiro e finalizará o 13 de marzo de 2026.

Os acordos que se adopten son competencia da Xunta de Goberno Local, segundo dispón o artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, tendo aprobado este órgano unha delegación específica o 4/07/2024 (BOP núm. 129 do 5/07/2024) na Concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade para aprobación da convocatoria, a autorización e disposición do gasto correspondente ao curso escolar de calquera contía, e o desenvolvemento de todos os actos de xestión, incluída a adxudicación.

Tendo en conta todo o exposto anteriormente **RESOLVIN:**

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o curso escolar 2026/2027, que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 0V21 6N15 3I00 6O3Q 0404 na súa versión en castelán e 3M2J 730C 2356 3B3L 09IE na súa versión en galego.

Achégase coa convocatoria os seguintes documentos con código seguro de verificación:

- Solicitud específica para a convocatoria 2026/2027: 5H12 6Y3D 1L6L 6R5R 0MOO
- ANEXO I Consentimento para a consulta de datos : 092N 4H0K 4E3W 3952 0K2V
- ANEXO II Declaración xurada de ingresos das persoas proxenitoras: 3N70 4S52 2N4C 723D 0ZUA.

O gasto total desta convocatoria será de 2.600.000,00€ ,que se distribúe nas seguintes anualidades: 806.000,00€ con cargo ao orzamento da anualidade 2026 e 1.794.000,00€ con cargo a anualidade 2027.

SEGUNDO.- Reter crédito para facer fronte aos gastos deste programa na aplicación 51.231.22723 do orzamento municipal en vigor:

- Na anualidade 2026 por un importe de 806.000,00€, destinados a pagar os meses de setembro a novembro do 2026.
- Na anualidade 2027 por importe de 1.794.000,00€, destinados a pagar os meses de decembro do 2026 a xuño do 2027. Este crédito quedará condicionado a que exista crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2027.

TERCEIRO.- Realizar os trámites precisos para publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, na sede electrónica do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente.

QUINTO.- Contra o presente acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.



Concello da Coruña

A Coruña, na data da sinatura dixital do documento electrónico.

A Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade